

A Y U N T A M I E N T O S**PONTEVEDRA**

Anuncio da aprobación inicial do proxecto de urbanización de rúa perpendicular á Avenida de Vigo, número 108, 110, 112 (1ª Fase) formulado por “Construcuatro, Sociedad Anónima”.

A Comisión de Goberno, en sesión de un de decembro de 2003 aprobou, con carácter inicial, o Proxecto de Urbanización formulado por “Construcuatro, Sociedad Anónima”, CIF número A-36.142.065, de rúa perpendicular á Avenida de Vigo, número 108, 110, 112, 1ª Fase, visado pola Delegación en Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) coa data 15/05/03, e “Documento 3: Datos Económicos”, con data de visado colexial de 26/08/03, documentación toda ela redactada polos arquitectos don Eugenio Jiménez Passolas e don Gustavo Pérez Álvarez, dispoñéndose o seu sometemento á información pública.

Durante o prazo de vinte días, contado a partir da publicación deste anuncio no “Boletín Oficial” da provincia, calquera interesado poderá examinar no Servizo de urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico (rúa Churruchaos, número 2, desta cidade) a documentación inicialmente aprobada, e formula-las alegacións que coide pertinentes.

Pontevedra, 10 de decembro de 2003.—O Alcalde, P.D. o Tte. Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 9681

* * *

V I G O**A N U N C I O**

Intentada notificación a don Roberto Juncal Lago, de acordo co previsto no artigo 59.5 da lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publícase a seguinte notificación:

“A tenor do artigo 11 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, dáse-lle trámite de audiencia no expediente 15453/240, para que no prazo de dez días formule as alegacións e achegue os documentos e xustificacións que estime pertinentes en relación cos danos solicitados.”

Vigo, 4 de decembro de 2003.—A Concelleira Delegada de Patrimonio, María Luisa Graña Barcia. 9683

A N U N C I O

Intentada notificación a don Camilo Rodríguez Gutiérrez, de acordo co previsto no artigo 59.5 da lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publícase a seguinte notificación:

“A tenor do artigo 11 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, dáse-lle trámite de audiencia no expediente 14437/240, para que no prazo de dez días formule as alegacións e achegue os documentos e xustificacións que estime pertinentes en relación cos danos solicitados.”

Vigo, 4 de decembro de 2003.—A Concelleira Delegada de Patrimonio, María Luisa Graña Barcia. 9682

* * *

MOAÑA**E D I C T O**

Aprobada inicialmente a Ordenanza Municipal da Venda Ambulante do Concello de Moaña e resoltas as alegacións formuladas, o Pleno da Corporación Local, en sesión celebrada o día 4 de decembro do 2003, aprobou definitivamente dita ordenanza introducindo no seu texto articulado as alegacións estimadas.

ORDENANZA MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MOAÑA**CAPÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAIS**

A presente ordenanza dictase en virtude das facultades concedidas polos artigos 25.2 h e 84.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 27 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, artigos 1 e 5 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e o artigo 13 e seguintes do Decreto 194/2001, de 26 de xullo de ordenación da venda ambulante.

ARTIGO 1.—OBXECTO E ÁMBITO

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a venda ambulante dos mercados que se celebren no Municipio de Moaña con independencia do seu emprazamento e periodicidade.

ARTIGO 2.—MARCO NORMATIVO

A venda ambulante rexérase, ademais do disposto pola presente ordenanza, polo establecido

no Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, de 26 de xullo de ordenación da venda ambulante, na Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

ARTIGO 3.—COMPETENCIA

Corresponde o Concello de Moaña, dentro do seu termino municipal, sen perxuício das competencias doutras administracións, a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio do Mercadillo, e outros acontecementos extraordinarios, nós que se desenrolen actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licencias e de facer cumprir a presente ordenanza.

CAPÍTULO II

DA VENDA AMBULANTE EN XERAL

ARTIGO 4.—CONCEPTO DE VENDA AMBULANTE

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os camións tenda, ou por calquera outro medio, na vía pública, terreos edificables, solares, espazos abertos, etc, en todo o termo municipal.

ARTIGO 5.—MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

1.—A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: son aqueles situados en poboacións, en espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida.
- b) Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados unicamente durante a temporada propia do produto comercializado
- c) Venda ambulante en mercados ocasionais: Son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.
- d) Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello.

ANEXO 1

VENDA AMBULANTE DE PEIXE FRESCO NO TÉRMINO MUNICIPAL DE MOAÑA

2.—Segundo o artigo 2.4 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo non terá consideración de venda ambulante:

- a) Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo de actividades feirais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.
- b) Venda directa exercida polos agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción.
- c) Venda de obxectos artesáns realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.
- d) Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas ó efecto.

Non obstante ó exposto os agricultores e artesáns que realicen este tipo de venda utilizando as vías públicas, aínda que non necesiten licencia municipal, si están suxeitos ás normas de funcionamento establecidas na presente ordenanza, debendo respecta-las normas de funcionamento do mercado, así como ás obrigas como, no seu caso, suxeitos ó réxime de infraccións e sancións.

ARTIGO 6.—SUXEITOS DA VENDA

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se adique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

ARTIGO 7.—REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE VENDA AMBULANTE

Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprir-los seguintes requisitos:

- 1.—Ser persoa física (maior de 16 anos) ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída.
- 2.—Se o titular procede de países non comunitarios deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou de proceder de países non comunitarios, da tarxeta de residencia.
- 3.—Estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e posuír o carné que ten carácter persoal e intransferible.
- 4.—Estar de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante

5.—Estar ó día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

6.—Cumprir tódolos requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables ós produtos autorizados que teñan á venda.

7.—Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.

8.—Estar en posesión da licenza municipal correspondente para este tipo de venda. Esta licenza sinalará o obxecto da venda e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente. A licenza municipal, para o exercicio da venda ambulante, estará sometida a comprobación previa polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizada a venda. Así mesmo será preciso estar ao corrente de pago das taxas municipais.

CAPÍTULO III NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADILLO

ARTIGO 8.—EMPRAZAMENTO

1.—A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e datas que se determinen por acordo corporativo, estando suxeita a preceptiva licenza municipal.

2.—A zona destinada a actividade de venda ambulante é a comprendida na explanada diante das pista da praza no paseo marítimo de Moaña.

3.—O Concello poderá modificar o empraçamento do Mercadillo por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, unha vez oída a Comisión Paritaria e de acordo ca comisión de vendedores, que represente os mesmos e que se creará especialmente para este suposto. En todo caso o recinto deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas a actividade é de doado acceso para vendedores e compradores.

ARTIGO 9.—PERIODICIDADE E HORARIO

Os días de mercado serán tódolos mércores e sábados do ano, con excepción dos que coincidan en festivo. Tamén poderá celebrarse durante o ano, como máximo, un mercadillo extraordinario, o cal deberá ser autorizado pola Comisión de Goberno do Concello.

O horario establecido comprende aproximadamente dende as 08:00 as 15:30, no que se procederá a súa retirada. O montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 08.00 e as 09.30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir de esta hora salvo días de temporal ou forza maior.

En canto a ordenación dos postos no mercadillo, no suposto de que quede libre un posto por ausencia do vendedor poderá ser ocupado o seu lugar por calquera dos vendedores autorizados nese mercado, preferentemente polos máis próximos.

ARTIGO 10.—INSTALACIÓNS

1.—Todo “mercadillo” terá unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e respecto ó medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

- a) O “mercadillo” deberá instalarse sobre superficie pavimentada.
- b) Dentro da superficie do “mercadillo” existirán depósitos destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

2.—Os vendedores, ó final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espacios.

ARTIGO 11.—DOS POSTOS

1.—A venta autorizarase en postos de carácter desmontable ou instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da licenza.

2.—O posto instalarase sobor o pintado na vía pública, co número correspondente, de xeito que se manteña libre o eixe da calle existente entre postos.

3.—Os postos no chan terá unha superficie máxima de ancho de 1 metro pola cantidade de metros de largo que cada vendedor solicitase e lle fosen adjudicados polo Concello. No volo terá un máximo de 3 metros que poderán ser ocupados por mercancía. Para protexerse das inclemencias meteorolóxicas poderá ampliarse o volo sen que moleste os demais comerciantes que non poderán ser ocupados con xénero algún.

4.—A mercancía atoparase sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido o acopio da mesma en envases ou embalaxes fora do posto.

5.—En todo caso o vendedor extremará a limpeza na zona de venda.

6.—Queda expresamente prohibido: a exposición de mercadorías no chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou, ben directamente nas cestas.

ARTIGO 12.—COMPETENCIA

A organización, intervención e inspección do mercadillo corresponde o Alcalde sen perxuício das competencias correspondentes os Servizos Municipais de Sanidade, Policía e Tráfico.

ARTIGO 13.—DA VENDA

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

ARTIGO 14.—DOS PRODUCTOS

1.—Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.

Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 cm.

2.—Os artigos a venda deberán cumprir o establecido na materia de sanidade e hixiene.

3.—A venda de produtos perecedoiros, adecuarase en todo momento as condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infraccións a tales leis ou normas, detectadas polos axentes sanitarios, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

5.—A autoridade municipal poderá decomisar os que non cumprisen tales condicións, e baixo a consideración de falta moi grave abrir o oportuno expediente sancionador o responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o decomiso dos produtos, poderse proceder a intervención cautelar dos mesmos.

ARTIGO 15.—OBRIGAS DOS VENDEDORES

Son obrigas dos vendedores autorizados:

- a) Abonar o prezo público que fixe a ordenanza reguladora por ocupación da vía pública.
- b) Manter aberto o público o posto debidamente atendido e abastecido.
- c) Acatar as normas que estableza o Concello para o bo funcionamento do mercado.
- d) Realizar o final da xornada a limpeza dos espacios ocupados.
- e) En xeral, cumprir tódalas condicións establecidas nesta Ordenanza, e demais disposicións legais vixentes que sexan aplicables.

CAPÍTULO III DAS LICENCIAS

ARTIGO 16.—LICENCIA MUNICIPAL

1.—Para poder exercer a venda ambulante neste Concello será preciso posuír a correspondente licenza municipal que será individual e intransferible, agás nos supostos de falecemento ou xubilación do titular que lle será transmitida automaticamente a algún familiar directo, cónxuxe, pais, fillos ou irmáns, ou a quen a Comisión Paritaria para o Comercio Ambulante considere oportuno. A actividade debe exercerse persoalmente polo seu titular, sen perxuízo dos traballadores del dependentes que con arreglo a lexislación laboral vixente poidan contratar.

2.—Concederanse pola Comisión de Goberno previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos.

3.—O Concello expedirá unhas licencias que conteñan a indicación precisa do lugar de situación no mercadillo, respectando sempre a antigüidade do titular, así como os artigos e produtos autorizados e o nome e o número da licenza municipal do vendedor titular. A adxudicación concreta do posto farase por estricto orde de antigüidade.

4.—Esta licenza deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo de duración do mercadillo nun lugar visible do posto, ou, no seu caso, estar sempre a disposición da autoridade competente que a poida solicitar.

5.—A licenza terá unha validez por un ano, considerándose prorrogada automaticamente por períodos sucesivos de anos naturais, previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello é sempre que non exista denuncia da mesma por calquera das partes.

6.—A transformación do titular inicial en persoa física ou xurídica ou viceversa non se entenderá como modificación da licenza, sempre e cando o titular participe na transformación e o solicite o Consello, conservando neste suposto a antigüidade acumulada.

ARTIGO 17.—RÉXIME DE SOLICITUDE DA LICENCIA

1.—A licenza para o exercicio da actividade deberá se solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como Anexo II da presente Ordenanza que se entregará no Concello onde necesariamente deberá constar:

- a) Nome e apelidos si é persoa física ou denominación social si é persoa xurídica.
- b) Enderezo para os efectos de notificacións cando non coincida co seu domicilio habitual, ou domicilio social da sociedade.
- c) Número NIF/CIF, DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia para cidadáns comunitarios, ou permiso de residencia e traballo para os non comunitarios.
- d) Número da Tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.

- e) Número de metros lineais que precisa ocupar.
- f) Mercadorías ou artigos obxecto da venda.

2.—Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de licencia, os solicitantes, co fin de obter esta, deberá presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación (presentaranse os documentos orixinais para a compulsa no Concello.):

- a) Fotocopia da Tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia debidamente actualizada.
- b) Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- c) Alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas.
- d) Fotocopia do ultimo recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta nó mesmo.
- e) Se a licencia afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- f) Declaración xurada na que o solicitante manifieste coñece-las normas á quen debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso a observalas.
- g) Certificado de atoparse o corrente de pago nas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou xustificante que acredite o aprazamento do pago.
- h) Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenrolar a actividades no nome do titular, cando este sexa persoa jurídica.
- i) Documentación acreditativa da constitución lega e inscrición no oportuno Rexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa jurídica.

De non se presentar toda a documentación citada no prazo concedido no momento de face-la solicitude, o solicitante disporá dunha prórroga do devandito prazo, polo mesmo tempo, para emenda-lo defecto, debendo presentar toda a documentación necesaria para completa-la solicitude; no caso de non presenta-la citada documentación, considerárase que desiste da súa petición.

ARTIGO 18.—CONTIDO DA LICENCIA

1.—O Concello expedirá as licencias en documento normalizado, no que se fará constar:

Identificación do titular e, de se-lo caso, da persoa autorizado que vaia desenvolver-la actividade en substitución do titular.

- Localización precisa do posto coa súa correspondente identificación numérica, especificación de superficie ocupada.
- Productos autorizados para a venda.
- Número outorgado ó titular no Rexistro municipal de comerciais ambulantes. Ademais deberase facer constar a nº de Rexistro da Xunta.
- Na parte de atrás levara un resume das circunstancias máis importantes deste ordenamento, especialmente o capítulo de faltas é sancións.

Esta licencia, orixinal ou copia co selo do Concello, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

ARTIGO 19.—VALIDEZ DA LICENCIA

As licencias serán persoais e intransferibles e terán unha duración dun ano natural, prorrogable, salvo renuncia expresa do titular.

A renovación da licencia producirase anualmente, de xeito automático previo requirimento polo Concello da documentación necesaria, sempre que se presente a acreditación de estar ó día do pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Facenda Pública, a acreditación de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e a acreditación das demais circunstancias esixidas.

Malia o carácter de intransferible da licencia, poderanse considera-las seguintes excepcións:

1.—Poderá autorizarse o cambio de titularidade da licencia en caso de falecemento ou xubilación do titular ou renuncia expresa deste a licencia concedida a prol do cónxuxe fillos, irmáns ou pais e o Concello estimará o outorgamento polo tempo que reste da licencia entre os solicitantes e sempre que cumpran tódalas condicións esixidas nesta ordenanza para ser titular, procedendo o cambio do nome do titular na licencia municipal sempre e cando o novo titular cumpra os requisitos establecidos.

2.—Nos supostos de enfermidade do titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio das actividades, a Administración, previa petición expresa do interesado e trala estimación de tal circunstancia, poderá:

- a) autoriza-lo exercicio da venda ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade ou
- b) reservar o posto durante un prazo máximo de tres anos.

- c) No caso de que quede libre un posto por ausencia continuada e sen xustificar do vendedor (dous meses) o concello poderá dispor do sitio para outro vendedor que o tivese soicitado sen que o titular anterior poida reclamar cantidade algunha por ningún concepto.

CAPÍTULO IV **REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES** **AMBULANTES**

ARTIGO 20.—REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES AMBULANTES

1.—Créase o Rexistro público municipal de vendedores ambulantes, que será xestionado polo Concello e a inscrición neste será consecuencia inmediata de concesión á licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2.—A inscrición dos titulares de licencias municipais de venda ambulante vixente ó tempo de posta en funcionamento deste rexistro farase de oficio polo autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles; non obstante estarán obrigados a comunicar e acreditar os datos que se lles requiran para a efectiva inscrición no Rexistro.

3.—Realizada a inscrición, expediráselle ó comerciante inscrito un carné municipall de vendedor ambulante, cunha vixencia dun ano, renovable automaticamente.

4.—O contido do carné profesional deberá ser:

- a) Identificación do titular.
- b) Período de vixencia.
- c) Descrición literal do epígrafe fiscal no que figura dado de alta.
- d) Número de rexistro e selo da dependencia municipal correspondente.
- e) Fotografía do titular.

5.—No caso de non renovación do carne da Xunta ou de perda xustificada da licenza o vendedor terá a obriga de entregar o carne.

6.—Este carne será renovable ano a ano de xeito automático, para elo o Concello estampará o seu selo no mesmo.

7.—Neste rexistro tamén se incluírá un apartado referente as solicitudes en lista de espera.

8.—A concesión de licencias farase por estricto orde de solicitude.

CAPÍTULO V **DA COMISIÓN PARITARIA PARA O COMERCIO** **AMBULANTE**

ARTIGO 21.—CREACIÓN

Crease a Comisión Paritaria para o comercio ambulante como órgano consultivo encargado do seguimento e control desta modalidade de exercicio

do comercio. A tal efecto deberá ser oída nos seguintes supostos:

- a) Na modificación das Taxas municipais e calendarios que afecten a venda ambulante.
- b) No establecemento do número máximo de postos a ubicar no Mercadillo e as licencias correspondentes.
- c) En todos aqueles casos que regulamentariamente se lle atribúan, como pode ser resolver posibles discrepancias das comisións municipais.

ARTIGO 22.—COMPOSICION

A Comisión estará integrada por representantes do Concello, da Asociación Provincial de Vendedores Ambulantes, e por representantes das Asociacións de Comerciantes e Industriais da localidade e das asociacións de consumidores e usuarios, de habela, e estará composta polo mesmo numero de representantes por cada organización ou organismo.

ARTIGO 23.—FUNCIONAMENTO

As reunións da comisión serán convocadas sempre polo Alcalde ou Delegado previa comunicación por escrito os membros da mesma con un mínimo de 24 horas de antelación. As asociacións poderán solicitar do Alcalde a convocatoria de reunión que deberá facerse efectiva nun prazo máximo de 48 horas.

CAPÍTULO VI **RÉXIME SANCIONADOR**

ARTIGO 24.—INFRACCIÓNS E SANCIONES

Constitúen infraccións únicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1.—O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2.—Serán faltas leves:

- Aumentar a superficie do posto ocupando os pasillos, ou non gardar a distancia establecida entre postos.
- Producir ruídos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
- Aumentar a superficie do posto con mais metros dos autorizados, ou non gardar a distancia establecida entre postos.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado

3.—Serán faltas graves:

- A reiteración por tres veces en faltas leves no periodo dun ano.
- A venda de produtos distintos dos autorizados na licencia.
- A desobediencia a atende-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

4.—Serán faltas moi graves:

- A reiteración por tres veces de faltas graves nun ano.
- Non estar inscrito no Rexistro de comerciantes de Galicia.
- Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- A venda de produtos non autorizados pola licencia.
- A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- A instalación dos postos sen licencia.
- A venda de produtos non autorizados.

5.—A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

ARTIGO 25.—SANCIONES

As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5.º do artigo 24, as que se-guen:

- 1.—Por faltas leves, multas de 0.001 a 30 euros.
- 2.—Por faltas graves, multas de 30 a 60 euros.
- 3.—Por faltas moi graves:
 - Multas de 60 a 90 euros.
 - Revogación da licencia, mesmo coa posibilidade de chegar a comisa-la mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.
- 4.—Correspóndelle ó señor alcalde a imposición de multas e demais sancións.

ARTIGO 26.—PROCEDIMIENTO

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo real Decreto 1398/93, do 4

de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o Regulamento de venda ambulante vixente ata a data dentro do termino municipal de Moaña.

ANEXO I

VENDA AMBULANTE DE PEIXE FRESCO DENTRO DO TERMINO MUNICIPAL DE MOAÑA

As autorizacións de vendedores e a distribución de rutas autorizadas para a venda ambulante de peixe fresco dentro do término municipal de Moaña son as que a continuación se relacionan:

RUTAS E VENDEDORES AUTORIZADOS PARA A VENDA AMBULANTE DE PEIXE

Nome Vendedor: Pilar Tobio Calvar

Ruta de Venta: Ctra. Meira Arriba, Quintans, Paradela, Berducedo.

Nome Vendedor: Franciasca Dopazo Piñeiro

Ruta de Venta: Broullón, Fraga, Berducedo-Piñeiro, Paradela.

Nome Vendedor: Josefina Portela González

Ruta de Venta: Redondo, Sabaceda, Piñeiros, Freixa, Broullón, Fraga, Cruceiro.

Nome Vendedor: Carmen González Rodríguez

Ruta de Venta: Ameixoadá, Casal, Fontes e Vilela e Tirán.

Nome Vendedor: Candida Martínez Pastoriza

Ruta de Venta: Domaio parte alta (dende subida cimiterio ata baixada campo fútbol) Lourido, Fanequeira, Caerio, Moureira ata Porta do Sol

Nome Vendedor: Elizabeth Táboas Portela

Ruta de Venta: San Lorenzo, Domaio parte baixa, Ctra. San Benito ata o Bar do Cine, Cerradiña, Baixada a Rodman, O Latón e A Guía.

A partir de agora non se concederán máis autorizacións municipais para a venda ambulante deste tipo, xa que se considera que tódalas parroquias están debidamente atendidas destes produtos e por ser suficiente o número de vendedores que actualmente están exercendo esta actividade. Cando o titular da licencia deixe a venda ambulante de peixe, esta sólo poderá transferirse única e exclusivamente ó conxexe ou fillos do titular da autorización.

ANEXO II
MODELO DE IMPRESO DE SOLICITUDE PARA
A LICENCIA PARA A VENDA AMBULANTE NO
MERCADILLO DE MOAÑA

IMPRESO DE SOLICITUDE PARA A LICENCIA PARA A VENDA AMBULANTE NO MERCADILLO DE MOAÑA		
NOME E APELIDOS		NIF/CIF
ENDEREZO		TELEFONO
Nº TARXETA XUNTA	METROS SOLICITADOS	TIPO MERCADORIAS
Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante.		
<input type="checkbox"/> Ser persoa física (maior de 16 anos) ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída. <input type="checkbox"/> Se o titular procede de países non comunitarios deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou de proceder de países non comunitarios, da tarxeta de residencia. <input type="checkbox"/> Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia. <input type="checkbox"/> Estar de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante <input type="checkbox"/> Estar ó día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social. <input type="checkbox"/> Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.		

Moaña, 11 de decembro do 2003.—O Alcalde,
 Xosé Manuel Millán Otero. 9752

E D I C T O

Aprobada inicialmente a Ordenanza Municipal de Animais Domésticos e Salvaxes en Cautividade e Cans Potencialmente Perigosos do Concello de Moaña, non habendo formulado alegación algunha o acordo de aprobación inicial, se considera aprobada definitivamente a Ordenanza referida cuio texto adxúntase.

ORDENANZA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS
E SALVAXES EN CATIVIDADE E CANS
POTENCIALMENTE PERIGOSOS

A competencia municipal nesta materia deriva dos artigos 25.2 a) e h) da LRBR e 80.2 a) e h) da LALG (“Seguridade en lugares públicos” e “Protección da salubridade pública”)

Para a elaboración dese regulamento tívose en conta a Lei do Parlamento de Galicia 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade (DOG nº 75, do 22-4-93), e o Decreto da Consellería de Medio Ambiente 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993 (DOG nº 107, do 5-6-98), e o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, que regula a tenza de animais potencialmente perigosos (DOG nº 63, do 2 de abril, de 2002) que entre outras cousas establecen como obrigatorio o servizo municipal de recollida de animais abandonados (artigos 11 e 12 da Lei 1/1993) e atribúenlles aos alcaldes a responsabilidade superior na defensa dos animais (Lei 1/1993, art.16).

Así mesmo tamén se ten en conta a Lei 50/99, do 23 de decembro de 1999, e Real Decreto que desenvolve nº 287/2002, de 22 de maio, do Ministerio da Presidencia.

TÍTULO I
DO ÁMBITO DE APLICACIÓN
DESTE REGULAMENTO

ARTIGO 1.—OBXECTO

Este regulamento ten por obxecto establecer as normas para a posesión e protección de animais domésticos e dos animais salvaxes en catividade no territorio municipal de Moaña

ARTIGO 2.—DEFINICIÓNS

1.—Para os efectos deste regulamento enténdese por:

- a) Animais domésticos os que se crían, reproducen e conviven co ser humano, e que non son susceptibles de ocupación consoante as disposicións do Código civil.
- b) Animais salvaxes en catividade os que, sendo libres pola súa condición, foron obxecto de apresamento no seu medio natural e se manteñen nunha situación absoluta ou permanente de dominación polo ser humano.
- c) Animais de compañía, os animais domésticos das especies canina e felina, así como os doutras especies que se críen, xeralmente no propio fogar, co obxecto de obter a súa compañía.
- d) Animais potencialmente perigosos son aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionarlles a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.
- e) Animal abandonado: o que libremente, aínda que estea provisto de identificación oficial, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.
- f) Centros de recollida de animais abandonados: son os establecementos que teñen por obxecto a recolleita de animais abandonados, facilitándolle no tempo, forma e prazo que marque a normativa vixente, alimentación, coidados e os tratamentos hixiénico-sanitarios correspondentes.

2.—A posesión de animais que se crían para o aproveitamento das súas produccions regúlase pola súa normativa específica.